

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2019.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D. Diego Antonio Taibo Monelos
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día catorce de outubro do ano dous mil dezanove, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D. Diego Antonio Taibo Monelos, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Carlos Liñares Gestal e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos

incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2019.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día sete de outubro de dous mil dezanove, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor do Sr. alcalde, Rioboo Castro, e dos/as Sres./as concelleiros/as Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. concelleiro Liñares Gestal o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 7 de outubro de 2019.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución do 24 de setembro de 2019, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade -Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade-, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos no segundo cuadrimestre de 2019. DOG núm. 192 do 09-10-2019.
- Anuncio do 27 de setembro de 2019, do Concello de Culleredo, polo que se fai pública a comunicación de xestión de biomasa a propietarios aos que non foi posible a práctica da comunicación. (Expediente: UME/2019/289, Propietario: E.H.G.). DOG núm. 193 do 10-10-2019.
- Anuncio do 4 de outubro de 2019, da Xunta Electoral de Zona da Coruña, relativo á designación dos lugares públicos e locais oficias para a realización de actos de campaña electoral con motivo das

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| USG13I0154 | USG/2019/194 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 300I 4816 5C3L 0R0R 15AC | |

Eleccións Xerais, convocadas polo Real Decreto 551/2019, do 24 de setembro. BOP núm. 191 do 08-10-2019.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

“ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 18 DE OUTUBRO

Auditorio do Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

XIV Festival Internacional Galicreques 2019.

La mar de marionetas: *Pazzz!*

Entrada de balde. Recollida de invitacións dende unha hora antes da función.”

2.2.2.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución núm. 1429 de data do 19/09/2019, pola que se concede o permiso de vertedura ao sistema público de saneamento á BIOENERGY IBÉRICA, SL, para a actividade de servizos técnicos de enxeñería e outras actividades relacionadas co asesoramento técnico, nun local situado na R/. Anxo Senra Fernández, núm. 25, oficina 1.
- Resolución núm. 1494 de data do 25/09/2019, pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos co número 148, á D.^a D. E. S. J.”

C.I.F. P-1503100-H

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e oito minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde-presidente

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)